María Amparo Carecedo Sánchez (1 para 1)
Alcaldesa accidental
Data de Sinatura: 18/11/2026
HASH: 3eaadaf46b212d9d409164012ea08bd7

**Asunto**: Aprobación da das bases reguladoras do VII concurso de embelecemento de balcóns, fachadas e núcleos veciñais da Pobra do Caramiñal-Nadal 2026.

**Expediente**: 3679/2026

**ANUNCIO**

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 2026-1252, de 18 de novembro de 2026, no que respecta a aprobación das bases reguladoras do VII concurso de embelecemento de balcóns, fachadas e núcleos veciñais da Pobra do Caramiñal-Nadal 2026, **RESOLVEUSE:**

**Primeiro. Aprobar as Bases Reguladoras do VII CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS, FACHADAS E NÚCLEOS VECIÑAIS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL DE 2026 que se transcriben a continuación:**

**VII CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS, FACHADAS E NÚCLEOS VECIÑAIS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL DE 2026**

## 1. CONVOCATORIA

O Concello da Pobra do Caramiñal convoca o VII Concurso de Embelecemento de Balcóns, Fachadas e Núcleos veciñais para o Nadal de 2026.

## 2. OBXECTO

O obxecto deste concurso é incentivar a participación da veciñanza na ornamentación dos seus balcóns e fachadas así como promover a decoración colectiva dos barrios e núcleos de poboación do municipio con motivo da celebración do Nadal de 2026. Esta iniciativa pretende fomentar a colaboración e a convivencia veciñal e contribuír á mellora estética das rúas e dos espazos públicos da Pobra do Caramiñal.

## 3. CATEGORÍAS E PARTICIPANTES

Establécense dúas categorías de participación:

a) Categoría individual: poderá participar calquera persoa física ou entidade propietaria dunha vivenda situada no termo municipal da Pobra do Caramiñal, ou arrendataria dela, que dispoña de fachada con vista á vía pública e reúna as condicións necesarias para a súa decoración sen que

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

iso supoña perigo ningún para a súa integridade nin para as persoas viandantes. Cada vivenda só poderá participar unha vez, independentemente do número de balcóns, ventás ou elementos da fachada que decore.

b) Categoría colectiva: poderá participar un grupo formado por, cando menos, seis vivendas dun mesmo núcleo de poboación da Pobra do Caramiñal, cuxas persoas residentes se organicen para decorar de maneira conxunta o seu barrio ou núcleo. A participación deberá realizarse en nome do grupo, que designará unha persoa representante para os efectos de inscrición e comunicación co Concello. As vivendas integrantes do grupo deberán identificarse no momento da inscrición.

Unha mesma vivenda non poderá participar simultaneamente nas dúas categorías nin formar parte de máis dun grupo participante.

A participación na presente campaña implica a declaración responsable dos participantes de reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencions de Galicia.

A participación neste concurso é de balde.

Estas bases estarán ó dispor das persoas participantes na páxina *web* oficial do Concello da Pobra do Caramiñal, www.apobra.gal. e con inserción do anuncio en un dos diarios con máis circulación da provincia.

## 4. INSCRICIÓNS E ENVÍO DE FOTOGRAFÍAS

O prazo de inscrición estará aberto dende o día 18 de novembro ao 4 de decembro, ámbolos dous incluídos.

As solicitudes de inscrición serán remitidas por correo electrónico ó enderezo promocioneconomicapobra@gmail.com ou ben chamando ó teléfono 981843280 (ext. 2035).

Na categoría individual, a solicitude deberá indicar o nome completo da persoa participante, o enderezo e a parroquia da vivenda, así como un número de teléfono de contacto.

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

Na categoría colectiva, a solicitude deberá indicar o nome co que se identifica o grupo, o nome completo da persoa representante xunto cun número de teléfono de contacto e o enderezo ou ámbito do núcleo no que se desenvolve a decoración, ademais da relación das vivendas que integran o grupo, cun mínimo de seis.

O prazo para a ornamentación dos balcóns/fachadas será deica o día 9 de decembro como máximo (incluído este). Dende a inscrición e ata o propio día 9, as persoas participantes deberán remitir polo correo electrónico polo menos 4 fotografías do seu balcón/fachada para que o xurado teña así constancia de que efectivamente estes se atopan decorados. As fotografías deberán permitir identificar e comprobar a decoración presentada ao concurso. No asunto do correo indicarase «VII Concurso de Nadal 2026» e a categoría de participación (individual ou colectiva); no corpo da mensaxe incluiranse o nome da persoa participante ou do grupo e o enderezo ou ámbito da decoración.
O envío das fotografías por correo electrónico servirá como xustificante da súa presentación e permitirá deixar constancia da data e hora de recepción. Recoméndase conservar o correo enviado. O Concello poderá solicitar información ou imaxes adicionais cando sexa necesario para comprobar os datos da participación.

## 5. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As vivendas e, no caso da categoría colectiva, o conxunto do núcleo ou barrio participante, deberán ter instalada a decoración, como máximo, o día 9 de decembro de 2026.

A decoración deberá manterse durante o período comprendido entre o día 9 de decembro de 2026 e o día 6 de xaneiro de 2027, ambos os dous incluídos. A retirada da decoración antes desta data poderá supoñer a perda do dereito ao premio ou, de ser o caso, a devolución íntegra do seu importe.

Os elementos utilizados para a ornamentación de balcóns e/ou fachadas deixaranse á libre elección da veciñanza, pero sempre respectando as vías, beirarrúas e entradas ás vivendas doutras persoas. A temática deberá ter relación directa co Nadal.

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

Deberá estar perfectamente suxeito calquera elemento pendurado ou colocado sobre calquera estrutura do balcón e/ou fachada, sen que a súa situación poña en risco a seguridade. A persoa participante ou, no caso da categoría colectiva, o grupo a través da súa representación, asumirá a responsabilidade que legalmente lle corresponda polos incidentes orixinados pola caída dalgún elemento ou parte deste á vía pública.

Serán obxecto de exclusión do concurso aqueles balcóns e/ou fachadas que incumpran as normas elementais de hixiene e limpeza, en evitación de molestias á veciñanza e ás persoas que usan a vía pública.

No día 17 de decembro darase a coñece-lo resultado do concurso e informarase os fogares premiados individualmente, así como a través das redes sociais municipais e dos medios de comunicación. Posteriormente, terá lugar o acto de entrega de premios.

## 6. XURADO

O Concello designará os membros do xurado. A dita composición darase a coñecer no momento do ditame do concurso.

As persoas que formen parte do xurado non poderán participar no concurso.

O veredicto do xurado será inapelable. Poderase ditaminar que un/s premio/s quede/n sen adxudicar.

## 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado cualificador baseará o criterio da súa puntuación nas seguintes cuestións:

- orixinalidade e creatividade da composición
- calidade ornamental
- harmonía do conxunto
- laboriosidade
- outras cuestións (como a iluminación)

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

## 8. PREMIOS

Os premios serán diferentes segundo a categoría:

a) Categoría individual: manteranse os seguintes premios, consistentes en vales de compra (Caramiñas) para gastar no comercio local:
   - 1º premio: vales de compra de 600 € (importe bruto)
   - 5 segundos premios (un por parroquia): vales de compra de 300 € por parroquia.

b) b) Categoría colectiva: o grupo gañador recibirá como premio a organización e celebración dun evento durante o Entroido 2027. A data de celebración determinarase de común acordo entre o Concello e o grupo premiado, atendendo á dispoñibilidade e ás necesidades organizativas.

As persoas ou grupos gañadores serán nomeados mediante resolución da Alcaldía, a proposta do xurado.

Os premios en vales de compra que superen o importe de 300 € estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas legalmente. Os vales de compra deberán empregarse ata o 31 de decembro de 2026.

Non poderá procederse á entrega dos premios sen que se verifique previamente a situación tributaria dos beneficiarios que deberán autorizar expresamente dita consulta en aplicación do establecido no artigo 10.2 g) da Lei 9/2007,de 13 de xuño, de Subvenciones de Galicia.

Os premios aboaranse con cargo a aplicación orzamentaria 433.22109 do rozamento de gastos do concello 2026.

## 9. NORMAS FINAIS

A participación no concurso supón a plena aceptación destas bases e do ditame do xurado. Calquera cuestión non prevista nestas bases será resolta polo Concello da Pobra do Caramiñal.

**Segundo**. Autorizar o gasto por importe total de DOUS MIL CEN EUROS (2.100,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 433.22109 do vixente orzamento municipal de gastos correspondente ao exercicio económico de 2026.

**Terceiro**. Dar publicidade á presente convocatoria e bases mediante a súa publicación no Taboeiro de Edictos e sede electrónica do Concello así como inserción de anuncio nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

**Cuarto.** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que se publica aos efectos oportunos.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital.

A alcadesa accidental,

María Amparo Cerecedo Sánchez.

Cod. Validación: QR5KYRRQQ3WQ9H6PG7STPMH5Z
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6